

Capítulo 1

No cal aínda non se pon en marcha o argumento, senón que simplemente se intenta que o amable lector que non coñece o tomo I da historia se achegue un pouco á heroína do argumento.

Margarethe Maria Sackmeier, chamada Gretchen, tiña quince anos, ollos dun ton gris profundo coma as pedras dun río, o cabelo castaño claro e un diminuto nariz de bebé. Medía un metro sesenta e seis centímetros de altura e pesaba cincuenta e seis quilos. Se Uschi 1 e Uschi 2 (Uschi Meier e Uschi Kohl), que sentaban diante de Gretchen na clase, continuaban a dicir cando falaban dela «Gretchen, a gorda», debíase unicamente á lenta capacidade de apreciación de ambos os dous Uschis. O certo é que o ano pasado Gretchen si era gorda coma unha bóla. Medía 6

centímetros menos e pola contra pesaba 6 quilos máis.

—Este ano cheo de preocupacións e desgustos deixou a pobre criatura nos ósos —adoitaba dicir a avoa Zwettler, que se chamaba así porque vivía en Zwettl, sacudindo, entre preocupada e triste, a súa bochuda cabeza. E o pai de Gretchen asentía, suspiraba e afundindo a súa papada no peito, queixábase:

—Si, abofé que che é unha desgraza! O delgadaña que quedou a pobre rapariga; mesmo habería que dicir que está ben fraca. Un vento de forza catro tomaría a nosa pobre Gretchen!

Pola súa banda, Gretchen non se consideraba «unha pobre rapariga» e tampouco lle parecía que tivese pasado un ano cheo de preocupacións e desgustos, nin tampouco que un vento de forza catro puidese constituír un perigo para o seu equilibrio.

—Está claro que estar delgado é moito máis san que estar gordo! Hoxe en día iso sábeo calquera persoa medianamente culta! —defendíase Gretchen repetidas veces diante do seu pai e da avoa Zwettler, e tamén dicía—: Non sexades tan

ridículos! Xa non vivimos no século pasado. Hai moreas de pais que viven separados. É normal. E en comparación co comportamento doutros vellos, o circo que están montando papá e mamá é unha lilaina.

Á avoa Zwettler causábanlle moita impresión eses discursos, e producíanlle un enorme desagrado tanto o que dicía como a forma na que o dicía.

—Pero Gretchen, non fales así! —queixábase—. Gretchen, así non fala unha nena que se teña por educada. Gretchen, antes non falabas así; a culpa tena esta tolaría de vida que tes que levar agora. Estaste abandonando completamente, rapariga!

Esta «tolaría de vida» que agora tiña que levar Gretchen e que segundo a opinión da avoa a conducira a esa degradación social, non era, de certo, a máis corrente. Os pais de Gretchen, un matrimonio coñecido e enzalzado en todas partes como modélico e exemplar, separárase tras meses de pelexas e de rifas. As pelexas e as rifas xurdiran porque a nai de Gretchen quería volver estudar. Quería ser asistente social. Non quería continuar a

ser simplemente unha ama de casa. Pero o certo é que isto non abondaría como motivo de separación. Cando os amigos lle preguntaban a Gretchen por que se separaran os seus pais, a mociña, se tiña un día sincero, respondía:

—Eu coido que xa non había moito amor entre eles. E decatáronse diso cando comezaron a pelexar seguido.

De todos os xeitos, despois dunha pelexa especialmente dura, a nai de Gretchen marchara para a casa da súa amiga Marie-Luise e levara consigo a Gretchen e mais á súa irmá pequena, Mädi. O irmán da protagonista, Hänschen, quedara co pai.

A señora Meier encargábase desde aquela de aquelar a casa do pai. Ía catro veces á semana e en catro horas poñía en orde todos os cuartos e sentíase moi ofendida se a orde non se mantiña ata o día seguinte. E todos os venres, intempestivamente cedo, viña a avoa Zwettler e cociñaba e fritía e asaba e conxelaba e despois, ao caer a noite, volvía a Zwettl.

Gretchen e mais a súa nai, e Mädi e Marie-Luise, e o seu fillo Pepi —da mesma idade que Mädi—

tiñan que amañarse sen unha avoa e sen unha señora Meier. E por iso, na súa casa as cousas ían, cando menos en opinión da avoa Zwettler, un pouco coma un palleiro. E cando Gretchen rañaba a tripa, un tic que tiña case desde que nacera, á avoa Zwettler asaltábaa a terrible idea de que Gretchen puidese ter ácaros ou pulgas ou unha erupción contaxiosa.

—Porque —dicía a avoa Zwettler— cando non hai ninguén que se ocupe de amañar a casa, é doado que aparezan estas cousas.

E, desde logo, non había ninguén que se preocupase de verdade polos labores domésticos na casa de Gretchen. Marie-Luise traballaba todo o día como asistente social e polas tardes chegaba á casa morta de cansazo. A nai de Gretchen ía todo o día á escola e, como non estaba afeita a estudar, chegaba tamén bastante esgotada. Mädi e mais Pepi, que acababan de cumprir os oito anos, eran demasiado pequenos para faceren ningún traballo na casa, agás baleirar o caldeiro do lixo, e Gretchen tampouco sabía moito de tarefas domésticas. Como se adoita dicir, non tiña sentido da

limpeza. Non se decataba de que algo estaba sucio, se non quería.

Na nova casa de Gretchen, que a avoa chamaba «comuna», tampouco había moitos cartos. Marie-Luise non gañaba moito como asistente social e a nai de Gretchen non gañaba nada. Recibía cartos do pai da rapaza. O pai sempre facía ver que lle daba enormes cantidades. A nai de Gretchen sempre facía ver que só recibía sumas ridículas. Cal dos dous tiña a razón era algo que a mociña non podía decidir e ademais tampouco non lle importaba moito. Non sentía que lle faltasen os cartos. Tiña abondo para ir ao cine ou tomar un refresco e para comprar de cando en vez un disco ou un libro. E como non lles prestaba atención á roupa, nin aos cosméticos, nin aos salóns de peiteado nin tampouco á bixutaría ou ao resto das quincalladas femininas e nos últimos tempos mesmo aos doces lles tiña aversión, non lle faltaba de nada.

O certo é que Gretchen estaba bastante satisfeita. A única verdadeira preocupación que tiña era a situación do seu irmán Hänschen. Hänschen tiña

trece anos e estaba gordo coma unha bóla de unto. E a marcha da nai, Gretchen e Mädi, segundo afirmaban con moita seguridade os adultos, «non o trastornara». A verdade é que máis ou menos ía indo, comía cantidades enormes, que acompañaba con limoada, ía ao colexio, non suspendía nada e tampouco semellaba realmente triste. Pero para alguén que coñecese tan ben a Hänschen e que o quixese tanto coma Gretchen, estaba ben claro que non lle ía nada ben.

—Non lle pasa nada de nada, simplemente rosma un pouco de cando en vez —adoitaba dicir Marie-Luise cando Gretchen lle falaba da súa preocupación polo irmán—. É a puberdade. É agoniante para el non ser xa un neno, nin tampouco un home. Pásalles a todos. A uns dálles por volvérense groseiros e a outros por facérense rabudos. *C'est la vie*, Gretchen!

A Gretchen esta explicación parecíalle demasiado xeral e demasiado superficial. Pero á parte de con Marie-Luise, non podía falar con ninguén máis sobre Hänschen. De seguro que o pai ou a avoa Zwettler dirían:

—A única que ten a culpa é a túa nai. Isto é o que ocorre cando un se emancipa dos seus fillos sen consideración ningunha. Un neno non se desenvolve ben sen unha familia sa.

E coa nai tampouco se podía falar de Hänschen. Estaba sumida ata as orellas en sentimentos de culpa por mor do fillo. E xa podía Marie-Luise repetirlle cen veces que Hänschen quedara voluntariamente co seu pai e que a nai non o rexeitara nin repudiara. E que o rapaz podía vir vivir con elas cando quixese. A nai de Gretchen sentíase, malia todo, culpable.

—Abandoneino —dicía ela.

—Non, el non veu contigo —dicía Marie-Luise.

—Decepconeino —dicía ela.

—A todos os nenos os decepcionan os seus pais —dicía Marie-Luise.

—Pero Hänschen non o superará —dicía ela.

—Iso é o que ti imaxinas —dicía Marie-Luise—, porque durante anos te educaron para seres unha galiña choca.

A nai de Gretchen estaba convencida de que o seu Hänschen quedara co pai por pura rabia e des-

peito cara a ela. E tampouco podía afacerse á idea de que ao rapaz lle puidese ir ben sen a súa nai.

—El sempre foi o que máis me necesitou —dicía.

—Se iso fose certo, querida Elisabeth —respondía daquela Marie-Luise— non viría só unha vez á semana, senón moito máis a miúdo. E tampouco se limitaría a sentar e a mirar coma un aparvado a televisión e a engulir cacahuetes. Se fose como ti dis, viría vivir connosco. De feito xa llo ofrecemos moitas veces!

—El quere que eu volva ser a que era antes —explicaba a nai de Gretchen ante tales réplicas—. Non se afaría a vivir coa persoa que son agora.

E cando tiña un día especialmente propenso a sentirse culpable, enchíanselle os ollos de bágoas e engadía:

—Para o pobre neno é coma se eu morrese.

Posto que Gretchen xa sufría demasiado baixo estes periódicos arrebatos maternos de culpabilidade, non quería que aumentasen por mor dos seus propios pensamentos no referente á condición psíquica de Hänschen.

E os amigos da rapaza tampouco eran os interlocutores máis idóneos para este problema. Aqueles que non coñecían a Hänschen pasaban totalmente do tema, e aqueles que coñecían a Hänschen encontrábano, dependendo do seu propio carácter, divertido, noxento, increíble ou mesmo nada interesante. Ninguén lle tiña aprecio abondo; nin sequer a Gabriele, a mellor amiga de Gretchen.

—Non te enfades comigo —dicía Gabriele—. Ese mozo estase a converter simplemente nun gordo noxento e ti non podes facer nada. Hai moitísimos coma el no mundo!

—Pero antes só era gordo, mais non noxento —dicía Gretchen—. Era amable, e listo, e bo.

—Todos os gordos noxentos de seguro que o foron algunha vez —dixo Gabriele—, pero nalgún intre un ten que comezar a ser aquilo no que se converterá no futuro.

A explicación parecíalle a Gretchen bastante lóxica, pero o que non lle parecía era que a cousa rematase aí.

Ás veces, sen motivo aparente, espertaba no medio da noite e tardaba moito en volver quedar

durmida. Daquela pensaba en Häschen e preguntábase como o podería axudar e non atopaba resposta. E a miúdo, nesas horas de insomnio, xurdíalle a sospeita de que se non podía durmir era porque lle faltaban os suaves e regulares ronquidos do seu Häschen. Sempre tiveran sobre ela un efecto tranquilizador e máis relaxante que calquera baño cheo de esencia de melisa.

Por suposto, á parte da preocupación por Häschen, Gretchen tiña un par de problemas máis, pero ningún era o bastante desacougante como para que lle xurdise nas horas de insomnio.